



LAR



AURELIO RIBALTA

O Pastor de Doña Silvia

Enrique Núñez.-La Coruña 30 CTS.



CAMILO DÍAZ

PB C94 - 5
CB11032998
Tfm 602913

L A R

Leva pubricado os seguintes números

A MIÑA MULLER

por Wenceslao Fernández Flórez

O ANARQUISTA

por Leandro Pita Romero

e pubricará no próximo, o sábado 17 de Xaneiro

NAICIÑA

novela orixinal e inédita de

Leandro Carré

30 cts. exemplar - Suscripción a seis números, 1'60 ptas.

Ademinsturación: Real, 36 1.^o — A CRUÑA

L A R

seguirá pubricando quincenalmente obras de Armando Cotarelo, Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abente, Francisco Camba, Aurelio Ribalta, Manuel Lugris, Francisca Herrera, Luis Amado Carballo, Euxenio Montes, Xosé Posada Curros, Victoriano Taibo, Xesús Fernández e González, Correa Calderón, Domingo Quiroga, Anxel del Castillo, Xoan Xesús González, Antón Noriega Varela, W. Fernández Flórez, E. Carré Aldao, Leandro Pita Romero, Xacobe Casal e outros

XX-2386

L A R

REVISTA QUINCEÑAL

O
O

DIREITOR: LEANDRO CARRÉ

ADMINISTRADOR: ANXEL CASAL

Ano 2



3 de Xaneiro de 1925

N.º 3



O PASTOR DE DOÑA SILVIA

NOVELA ORIXINAL E INÉDITA

POR

Aurelio Ribalta

(Portada de CAMILO DÍAZ)



IMPRENTA MORET

Marina, 28

A CRUÑA

PRECIO DE CADA EXEMPRAR



| | |
|--|--------------|
| Na Repúblīca de Cuba | 10 centavos |
| Na Repúblīca Arxentina | 20 centavos |
| Na Península e Africa | 30 céntimos |
| Suscrición a 6 números, na Península e Africa | 1'60 pesetas |

Enrique Núñez

~~La foresta~~

O Pastor de Doña Silvia

I

O Pastor do Nacemento

En todo Santiago tiña sona o Nacemento da Câs
de D. Lourenzo Porras, na Rúa Travesa, cuasque
na esquina das Casas Reiás. En Santiago, e mais
en cinco légoas todo arredore.

Eran cinco as feguras do Portal: o Devino Neno,
a sua Nai a Santísima Virxe, o noso Siñor San Xosé
e mail-as duas bestas —con perdón— que pra secu-
lar vergonza dos humans foran as primeiras en
adoraren a Humanidade Devina que nos ven redi-
mir. Seguían despois as seis feguras dos tres Santos
Reises, cada un co seu criado, todos moi galás e
moi propios, cos seus reposteiros de Damasco; e
ansina vintecatro bailadores —as mozas con bas-
quiñas de moda, e os mozos con coletos acuchillados— media ducia de arcabuceiros moi xentís, pra
daren guardia no portalíño, e cousa de medio cento
de pastores con ofrendas de años, queixos, potas de

mel e carabelas ben cobertas con servilletas de lamanisco, aonde seguramente viñan rústicos regalos de toda cras.

Toda esta familia viña á bulire pol-as costas empacatadas d'unha grande montaña de curtizo, por camiños que levan ao Portal mesmo dende a Xerusalem cinguida de murala, que na cima se ben ve o grande Pazo do Rey Herodes; e pasando polo mesón aonde lle tiñan negado a pousada á Santísima Virxe e mais ao Siñor San Xosé, e arrodeiando por detrás do muíño, e atravesando o regato pol-a ponte. Todo elo moi ben traballado e moi propiamente feito.

Luxo de casa fidalgueira e rica, (pois si ten moito pol-os Oxeas no Riveiro d' Abia, Verín e Allariz, seique ten mais pol-a parte dos Porras, na Arzúa e Boimorto) este Nacimiento recibiu ostentoso culto pol-o tempo do Nadal, sendo admirado por todos cantos o vían, ou sin velo tiñan noticia d'él, pois é moda moi nova ésta de tere Nacimentos nas casas de moito, moito, siñorío; abonda a novedá pra collere estimanza, e por eso, se cadra fai as ledicias da dona mais nova, Doña Silvia. Pol-o ano gardábase, desarmado, nunha grande ucha de castaño verdugada e ornamentada con plintos de madeira e con ferros moi ben polidos e lustrosos, que dá decoro á unha grande cuadra con honores de antesala, por que por ela pásase á sala do estrado; un d'estes estrados onde os taburetes con coxís pra as donas, durmen ou monean da solene escuridade da gran pecha pechada que somentes vese aberta cando chegan de visita persoas de boato.

Doña Silvia está moi encaprichada por esta elegante novedá de ter un Nacimiento, e sobre todo por un dos pastores d'él, o millor, e teno sempre baixo do seu coido propio. Cando pasado Reises, desarmouse o Nacimiento pol-as mans prebeias, pro abe-

lenciosas, do Toxeiro, e depositouse na grande e negra ucha da antesala, D.^a Silvia retivo o seu pastorío e púxoo no pequeno altare do seu cabán, inda que a feguriña tenvos moito mais de profana que de sacra. Por de contado non pertenece ao Nacemento nin ten que ver coas outras mais feguras d'él. É un añidido, un achego que —non hai mais que ollalo— está ali coma poidera estar noutro sitio calquera.

Ten así coma unha tercia de alfor. Está feito en pau de caoba, d'unha viga que trouxera da América don Pedro Varela Sampaio, Alguacil maor da Inquisición de Cartaxena de Indias, pra facere unha sillería para o estrado da sua casa. Por certo entrometimento en cousas da Corte do Siñor Rey, esta fegura fora tallada, como xeitil ensaio de si a madeira estaba ou non ben curada pra as gubias dos tallistas, por un maestro escultor de moita cencia que lle chaman de apellido Montañés; (1) e regaloulla dempois. Anos andados, por conducto de don Pedro veulle á Doña Silvia. A fegura está moi ben feita, e por esta razón puxérase no Nacemento, por mais de que despegábase das outras feguras d'él.

Representa un mancebo cuasque íspido, descalzo de pe e perna, e cuberto o corpo solasmente c'unha pelexa d'animal, un pouco vizosa. Pouco, pero d'abondo pra suponiere que a pelexa foi de ovella e pastor o que a leva posta. A autitude, con todo, tiña pouco de pastorío de Nacemento. Mais ben que un probe rapaz gardadore do gado, a escultura, chea d'unha certa solenidade escorreita e tranquía, parece, pol-o seu superno repouso, perfeito retrato d'algún dos dioses xentís. A Doña Silvia paresceulle

(1) O famoso escultor sevillán, Xan Martínez Montañés, que morreu en Sevilla no ano de 1649.

que aquela figura tiña moito espirto, e quixo tela sempre preto de si: por que gustar, gustoulle.

Dempoixas de que D. Lourenzo, tocado, xa de fai anos, da afición a vivire na aldeia, houbera finido a moita obra que fixo na sua cás da Curiscada, deixándoa feita un pazo, tratouse d'ir para ela: tanto por que xa viña o tempo de cobrare as rendas (moitas d'elas en pan, que cugulan as uchas, grandeiras o que tal) coma por que en Santiago, finidas as grandes festas d'aquela lucida novedá do Voto, no que o Alcalde maor mais antigo da Audencia de Galicia, á nome, e pol-o mandado do Siñor Rey, ofrendara ao Santo Apóstol con mil escudos de ouro, en Santiago, seique, non quedaba ningúen do señorío, por que todol-os siñores iban para os seus pazos, nas aldeias, cada un á coidar do seu. E tamén por que os rexidores do Concello, sempre ás voltas e revoltas co Cíbilo e más co Arcebispo, non deixaban en paz a D. Lourenzo, queñéndolle a cabeza con que si foi, que si dixo. E largando para a Curiscada, quitábase de liortas.

Quedou resolto, pois, a viaxe á Curiscada, e dempoixas de vintetantos días, empregados en dispoñere todo o tocante á virtualas, escolta e demais equipaxes; misa oída, xantar feito e casa pechada, emprendéuse o camiño pol-a Porta d'este nome e rúa de San Pedro adiante, ante a curiosidade e os laudes de mullerías, burgueses e rapaces. E mais non era cousa de todol-os días, inda vivindo en Santiago, o presenciare o paso d'unha compañía tan locida e numerosa.

Doña Silvia leva consigo o seu altare, e mais co seu altare o pastoríño. Pero co a diferencia de que o altare vai, ou mais ben dito ós Santos e os candeis d'él, repartidos n'unha cheia de baiús, antrametros que o pastoríño vai, moi ben envolveito en

brancos panos, na ucha das propias cousas de doña Silvia.

Fixeron noite en Arca. Outro día pol-a mañán, don Lourenzo e mais Doña Inés, sentíanse tan molestados co molimento do camiño, que tomaron o acordo de non segui-la viaxe hastra ben entrada á mañá, descansos e refeitos. Doña Silvia con duas criadas e un dos mozos que viñan d'escolta — mais por decoro que por cautela, por que toda aquela terra está ben segura — foise esparexere un pouco por detrás d'un cómaro onde se vián espesaren os carballos d'unha boa fraga.

Inda ben non entraran nela, atopou Doña Silvia un arribonciño moi gustoso onde se quixo sentar arrodeada do seu pequeno acompañamento. E inda ben se non sentara, viu vir pol-a fraga adiante un fatiño de mulleres, duas d'elas mozas, unha vella e unha pequena, que, pol-o que se viu, eran xitanas.

Deprocouse axiña a xitanería da calidá de doña Silvia, e póndoselle diante con moito acatamento, pidíulle a sua venia para presentarlle a rapaza xitana mais nova, dicindo d'ela que por ter tido a sua nacencia xustamente no punto da media noite do Viernes Santo, viñera á este mundo c'unha maravillosa gracia de saudadora, dempois e inda mais da gracia de adiviñadora que teñen todal-as xitanas. Que por eso e por tratarse de tan alteira e principal persoa, pidíanlle licencia para botarlle a boa ventura, pois habería de dicirlle cousas moi verdadeiras e gustosas, e (se fose servida) inda habíalle dare unha esmolíña para axuda das privaciós do camiñare.

—Sei que mintides mais do que falades— dixo entón Doña Silvia afondando os ollos no mouro ollar da rapaza saudadora que a fitaba coma si n'afeuto tivera moito que dicirlle, pero sin s'estreveré á esco-

menzare. Contestando á esta muda, mais preseira pidicha, Doña Silvia añadiu:

— Por vere s'é certo, quéroche deixar que me dígal-a boa ventura.

E descalzando a sua man dereita d'un ateixado guante de anta finísima, de grande volta sobre das mangas xustas do seu branco xubrón de seda, que san pol-a abertura das mangas partidas da sua saia alta e cinza, permitiu que a moza xitana lle tomara a man, lla volvera, lla mirara, e ficara como pasma, entre medoñenta e fisgona, cos negros ollos ben abertos, e c'un ceno de braveza en toda a sua cara de xitana curtida co sol e mais co vento.

— ¿E logo? — preguntou Doña Silvia medio riseira.
— ¿Perdichel-a fala, seique?

— Non, miña señora, non. Non lle perdín a fala, porque gracias á Deus non lle son muda. Elle que atopéi c'un segredo nas raias d'esta man, tan fidalgueira e tan branca,

— ¿Un segredo, dis?

— Si, señora, e mais ben. Un segredo de vida e de morte.

— Olla ven rapaza; eso adivírteme. Bota fora ese segredo que tanto te pasma, muller.

— Botar, botaría. Pro teñio medo do seu noxo.

— ¿Do meu noxo?

— Si señora.

Pois non o témás. Non seréi eu quen te castigue, se adiviñas, pol-as tuas adivinaciós.

A xitana volveulle mirar as raias da man e dempois, erguendo a testa ben feita, anque espeluxada, dixo resolta:

— Vou falar, logo. A revelación do segredo tena a a sua señoría nas raias da sua propia man; pro xa que ela non sabe entendela, voulla espricar eu. Falareille craro. Pero como os segredos débense

falaren en segredo, mande a sua Siñoría que toda esta xente s'arrede de por aquí, pol-o menos oito varas.

Doña Silvia sintiu que lle fraquexaba o peito. Ollóu para a rapaza e pareceuelle que certamente podía sere, asigún lle tiña dito, saudadora de vez. Tivo medo. Púxose de pe, e deixóu sair doudamente d'antre os seus beizos unha orde seca.

—Despexade.

E virándose para o fato das xitanas:

—Soparádevos.

Fíxose un cerco. O ventiño montañés renxía á modo nas follas recortadas dos carballos vellouqueiros. A xitana moza, tamén de pe, collida da man direita de Doña Silvia, faloulle baixo, para non ser sentida non sendo d'ela.

—¡Miña Siñora! ti, tan nobre, vas cair na vergoña de casar c'un vasallo vilán.

—¡Disque...! Paresme que t'engañas, xitana nascida a punto das doce d'un Viernes Santo. ¿Ese é todo o teu segredo?

—¡Non m'engaño, non!

—¡Mintes, logo!

—¡Digo verdá!

—¿Pois quen é, fala, ese bafúa que me dis ha casar connigo?

—Ese bafúa ven de viaxe co a sua Siñoría.

—¿Cómo? ¿cómo dis? ¿Quén é dos meus criados? ¿Dos meus mozos d'escolta? Dimo, pra mandare que mo boten á paus, se o tal tivera dado pé para que ti falaras como falas...

—Deixe en paz aos seus criados, e mais aos seus mozos d'escolta, que non lle é ningún d'eles.

—Pois logo...

—A sua Siñoría traino consigo.

—¿Onde?

— No seu equipaxe, moi ben envolveito en brancos panos, na ucha das propias cousas da sua Siñoria.

Doña Silvia reiu.

— ¿O Pastorío do Nacemento?

— Sí, Señora.

— Pero si é un home de pau...

— Tornaráse ben axiña n'un home de carne e óso

— ¿E como conocereíno eu?

— Por que il presentarase diante da sua Siñoría co-as mesmas fauciós e o mesmo vestido que agora ten. E diante dos seus ollos propios convertiráse n'aquel que ha sere o seu marido.

— ¡Quén che fai caso!

— Digo a verdade.

— Cando salla certo, falaremos.

— Salirá.

— ¿Onde? ¿Cáondo?

— Dentro de corenta días, na fraga de Curiscada.

Doña Silvia cortóu a conversa. Se a segue mais, estoupa. Chamóu pol-os seus, e co eles tornóu á volta da sua pousada. Pro fixo que lle deran un raial da oito á cada xitana, millorando con dous mais á xitana mais nova.

Doña Silvia botóu á andare tesa, irta, dominante. Non querendo perdere a posesión d'ela mesma, envolve n'unha ollada de disprezo a fraga, o carreiro, o cómaro, e mail-as pobres casiñas de Arca. Pero ben comprende que lle faltóu algo ali dentro, e que este algo que lle faltóu, deixá oca e valeira a sua vida.

Ao chegare á Curiscada

Inda non serían ben as seis da sera, cando Farruco e mais Antona viñeron á correre pra xunto do Toxeiro, que non tiña parada na casa toda, dando disposicións e tomando reprensións á todos e por todo.

— ¡Elí están á chegare! ¡Véñenlle pol-o millo do Cómaro!

— ¡A ver logo, eiquí todo o mundo, a recibiremos os Siñores!

E maese Toxeiro fixo zoar unha buguina de pas-tore que sintiuse moi ben en toda a casa.

Pro non facía falla, porque todos acudían á bulire. Us, por que viran vir á correre os dous pequenos; outros por estaren en espera do suceso. O Froitoso, o Petrucio, veu coa sua mullere, Antona, ambos vestidos de festa dende a mediodía, e atrás d'eles Goros e Manoel, mudados e limpos. Abriuse de todo a porta; e a familia botou á andar pol-a fraga en baixo, hastra chegaren á beira do camiño. Con todolos va-sallos dos lugares todos qué D. Lourenzo tiña por ali.

Un cabalo á galope fire os croyos. Ven coma un rayo. Pára diante de todos. Un gran rapaz, coma un ouro, con grandes botas alteiras e pucha con airón, botou pe á terra con toda lixeireza.

Ben vexo, Maesg Toxeiro, que xa estades aprevenidos e non fai falla de que eu vos avise. Seor Froitoso e compañía, boas tardes.

Os da aldea saudano e ademirano o paxe repolido e solto de lingoa e de andares, que se deixaba admirare coma aquel que se non decata, e que mi-

raba pra as mozas vindas do arredore coma si todas elas lle deberan un carto.

Inda tardou unha boa peza a comitiva. Por fin apareceu na volta do camiño, entre polvo e rumore das pisadas das bestas. O rapaz que denantes chegara, volvendo á montare, picou pra xunto d'elos, que eran trinta e viñan ao paso, e parano na fraga, franquexando a entrada en duas ringleiras de a quince.

Por entre estas duas ringleiras adiantan os Siñores. D. Lourenzo, Comendador da Curiscada, ven n'un tordo aparelado á moda francesa, con cadeira «á royal» ribereadea de seda marela. O xinete viste de pardo, traxe de caza, guantes de anta, esporas d'ouro. A sua testa ergueita, pequena e cinza, olla pra todos con chaneza e mabilidá.

Un pouco atrás d'él cabalga Doña Inés Oxeá, moi tesa no seu cabalo castaño, castelán, calzado de duas, cabos negros, abondosos e locidos; nobre bruto. Ven a besta paramentada coma de Corte, e sobre os paramentos canlle as teas solenes da comprida saia, e mai-las faldras do xubrón ancheiro no que s'envolve a rica siñora magra e un tanto seca, crebada de côr.

E atrás d'elos dous, Doña Sílvia, lanzal, inqueda, cabalgando n'unha poldra galega, tamén castaña, raia de mula, c'unha montura e mais c'unha cabezada de brida de coiro recamado primorosamente. Todol-os ferros trainos de prata.

O Seor Froitoso foille tere o estribo á Don Lourenzo, que descabalgóu con xentilexa, por tempos, coma si estivera no picadeiro, dando leución co maestro de xineta. E corréu pra descabalgare á Doña Inés, que lle ten o estribo o Toxeiro. A dona baixou con moito repouso e facendo un ceno contra do seu home.

—Veño morta dos cadrís— dille baixiño.

—Agora descansarás na casa — respondéu don Lourenzo erguéndose cortesano e facéndose á un lado con toda crianza pra correre xunto da poldra e descabalgare á filla.

Que foi ben lixeira, por certo, pois non fixo outra cousa que botarlle ao seu Señor Pai as mas aos ombreiros, e botarse no chan coma unha anduriña que non pesa unha onza. E abandonóu as rendas ao coido de Goros, que lla tivera do estribo e que levou a besta pol-o forno do portamozo pra entre-gárella á un dos mozos das acémilas, que xa, con toda esta detención do descabalgaren os siñores, chegaran coas suas mulas, carregadas do que com-pre para unha tal viaxe.

A pesar de que o Toxeiro leva dous días na casa proparando todo, un desorde compreheto desluce a receución de homenaxe no sobrado. Os siñores suben a escaleira antr'un pelotón de vasallos que lles botan moitos vivas, pero que non lles deixan cuasque andar. Eivos na sala onde o Toxéiro pode, por fin, acceso de carraxe, acurrunchare a familia toda preto da entrada, coidare do acomodo dos amos no estrado de antemán disposto, e botarles por diante os vasallos —torpes, sin saber onde nin como poñérese— tal e coma os atopa, sin orde nin concerto.

Agarróu pirméiro us de Perguntoño e fíxoos pasare por diante do sobrado, fincando un xionlllo e bicando as mans dos donos, Don Lourenzo, doña Inés e mais Doña Silvia, que, non sin leria, de-cíanllas algunha faliña bondosa e protetora.

—¡E logo! ¿Dase ben o serodio este ano?

—¡Daráse si siñore, si Deul-o quer!

O acto desarróllase á rempuxós, falso e aburrido. Somentes cando pasan as da Casa d'Eiriba, nai e

filla, comestas d'amarguedo, pasou por aquela sala
unha ráfaga de sinxeleza.

— ¡Ou Mariica! —fala Don Lourenzo— ¿Ves sola
con Tucha? ¿E os homes, ulos?

As duas mulleres ollan pra el, e dempois unha pra
outra, saloucando.

— ¡Ai Siñor! —di a nai— ¡Nunca Deus me dera!
¡O meu home estalle encamado fai duas semanas!
¡E o home da miña Tucha estalle preso na Arzúa!

— ¡Presol! ¿E por qué? —fai con estraneza Don Lourenzo— ¿Cómo non ten alegado seré vasallo meu?

— ¡Ai Siñor! Elle que debe us cartos á aquel esqnir-
bán de Cámara que lle vive ao chegáremos á vila,
xunto da cás do panadeiro!

E as duas mulleres á choraren.

Tucha fala por fin, axionllada na veira da al-
mofalla.

— ¡Gracia, Sifiore, gracia pra ese probiño que é
un honrado e bô vasallo da sua Siñoria!

— Erte, mullere. Eu poñeréi man n-eso. Venme
falare dumingo, dempois da misa, e xa veréi de
tomare algúnya providencia.

O Toxeiro atende á todo, pro non está nada con-
tento, Os caseiros da Curiscada non están na sala:
nin Froitoso, nin Antona, nin Goros, o fillo mais
vello, o que por lei natural debe de sucedere no
sitio ao seu paí, cando morra. A falla d'eles é cousa
grave. ¿Onde diaños andarán metidos? E antramen-
tras s'él coida de que todol-os caseiros vaian indo
facérelle homenaxe aos donos, despacha outros que
busquen por todas partes os tres da familia.

Por fin chegan, Froitoso e mais Goros, das cuadras
dos caballos, de atenderen ao acomodo de tanta
besta coma ten entrado pol-as portas. Antona da
cociña, onde as cousas preparadas pra dare de xan-
tar á tanta xente cáseque non caben en ningures,

sin contar co que ven nas arcas e mais nos sacos dos acemileiros.

Estes, e mail-os mozos da escolta enchen a cocíña, desparrámanse pol-o portal d'atrás, pol-a eira e mais pol-a horta! Probe pereira grande, a das urracas!

O Seor Froitoso, serio tremendo non facere ben o seu papel de vasallo laial en paso de ceremonia, dí, dempois de bicare a man ispida de Don Lourenzo:

—¡Ben chegado o meu amo! ¡E que Deus o noso Siñore traia con ben ao meu Siñor Comendador na sua Encomenda da Curiscada!

—Moitas gracias, Froitoso. Deus vos garde á todos. E ¿cando fal-a malla?

—Se o meu Siñor nos concede a sua licencia pra o quince de San Miguele. ¡Inda lle hai tempo! e coma o Siñor ten unha malla grandeira, convén asperare á que os outros teñan mallado pra xuntare eiqui os mais malladores que se poida.

Entramenteis esta conversa, Antona e mais Goros asperan, un pouco acorados, o momento de facer o seu homenaxe. Doña Inés atende ao que fala o seu Señor marido. Doña Silvia arrepara no xubón que viste Goros, boa peza, de pano encarregado en Segovia, anos atrás. para o seu pai, a nove reás vara segoviana, e feito por un alfaiate santiagués, o millore da vila. Ollando pra o mozo arrepara tamén como lle manca mais de medio dedo, no primeiro dos catro xuntos da man esquerda.

—¡Ou Goros! —dille— E tí ¿cando perdiches ese dedo?

—¿Eu? ¿Este dedo? ¡Perdín, si Siñora! Foille pol-o tempo de Reises, o día oito de Xaneiro, partindo un leño co a macheta!

Doña Silvia arripiouse toda pensando na dolor que ela pasaría si unha macheta lle partira un seu

dediño. E deullles á man á bicaren, como cadróu, á todos eles, pra que se lle sacasen de diante.

Despexada a sala, o rebumbio siguéu en baixo; pero os Siñores quedaron solo cos criados afeitos ao seu servizio. Estaban cansos da viaxe. Dérонse presa á rezaren o rosario con toda a moita xente que tiñan na casa, cearon sin moito gusto, e deiñáronse pensando na tranquilidá que nos días vindoiros, libres d'escolta e de trafegos, lles habería de dar a vida mol e recolleita da Curiscada.

Foi unha somana despois cando Doña Silvia resolveuse á arranxare o seu altariño, labor delicada que facía ela mesma, coa axuda da sua criada propia, unha escorreita rapazota da mesma parroquia de San Vicente de Burres, que ela levara de pequena para Santiago. E mais foi esta rapaza quen lle dixo:

—¿Aonde quere a Sua Siñoría que poñamos iste pastorío mais grandeiro? ¡A mais mire, Doña Silvia, tenlle iste dediño partido!

Doña Silvia ollou e arripiouse toda. Faltáballe o pirmeiro dediño dos catro xuntos da man esquerda. Mandou chamar pol-o Toxeiro e pidiulle conta d'aquela avaría.

—¿Qué cómo foi? ¿Ese dedo? ¡Partido, si Siñora! Foille pol-o tempo de Reises, o día oito de Xaneiro, desfacendo o Nacemento. Encoleino moi á xeito, para que o non vise a Sua Siñoría, pro pol-o visto caeulle co a viaxel

Doña Silvia trubouse de vez, e collendo —por facere algúin disimulo—, a pirmeira cousa que atopou á man, e que certou sere un seu libro de horas, abriuno e meteu n'il os narices pra que o Toxeiro e maila moza non a visen tan roiba como s'ela puxo.

Mais o que leu sobrecolleuna inda mais. O Santo libro dicía, con letras de lume:

«¡Ou altor das riquezas da sabencia e da cencia de Deus: o que tal son d'infinitos os seus xuizos e de desconocidos os seus camiños!» (1)

III

Na Fraga

Os Sñores da Curiscada agardan por Don Iván Porras e Calo, doutor en Sacra Teoloxía, coengo na Catedral de Santiago, que vai pasar co'eles a sua requies. Debe estar á chegare, e toda a xente está sobre aviso pra dalo na casa cando alguno o vexa vir pol-a volta que fai o camiño na eira do Cómaro.

Doña Silvia baixa tamén, aos poucos, un anaco de camiño, na compañía da sua criada, a rapaza de Burres, que a asiste de cotío. Baixa por ver si ven o seu tío o coengo: a vida mol da Curiscada non ten distraución, e fora da casa o Outono é doce, sin chover, maino e amoroso coma unha primaveira.

Os días pasan, o de hoxe coma o de onte. Acabado o rebumbio da chegada, Doña Silvia foise facendo á vida cásque habitual da Casa, grande e ben disposta coma un pazo. Nada falta n-ela. Nin espeños con grandes marcos de madeira, que fan o doble as estancias, nin reloxes de sobre mesa, últema fala da elegancia que co meigo tintenexare das suas campañas, aledan cada media hora, o austero silenzo das salas. Pro Doña Silvia non ten moita atención pra todos estes luxos, aos que xa está ben

(1) O altitudo divitiarum sapientia et scientia Dei: quam incomprehensibilia sunt iudicia ujns, et investigabiles via ejus!
Epistola beati Pauli Apostoli ad Romanos. 1; 33.

afeita, e as veces danlle ganas de se ire esparexere por fora. Síntese toda colleita d'unha arela ardente de tomare o sol e mail-o aire montañés, e por eso baixa pol-a seranciña co a desculpa de que vai vere si ven o Siñor tio.

Hai un valado todo de silvas grandes, grandísmas, cheias d'amoras casque coma noces. Atrás sigue a fraga toda, que é ben grandeira. O vento montañés abanea as ponlas dos carballos, velloz moitos d'elos outros novos ainda (os que se van repoñendo) pero todos irtos, feros, erguéndose en autitús e xestos estranos, desesperados en tal e cal. O sol quentiño desde finar do mes de San Miguele, fura por antr'as ponlas, penéirase nas follas e cai nas herbas do chan con rayolas pantásticas. Doña Silvia gusta de se meter por esta fraga adiante, que pol-a noite dalle medo, e que ainda pol-a serán ten un ár de misterio coma se diante dos seus ollos fóraxe manifestare súpeto un anaco da vida oculta que latexa baixo da aparente quietude da Natureza.

Doña Silvia, aberto o seu espírito á este bafo solene de misterio adeviñado, vai marchando por ante os troncos escorreitos, cara á un crariño que se fai un pouco mais adiante cheia do lume dourado do sol que se deita. N'aquela craridá nímbase toda coma si estivera u'nun rompemento de gloria. As cousas mais duras — troncos, penedos — fanse sotiles e toman a aparenzia de non teren peso ningún. As cousas mais vistas vólvense estranas, e os carballos somellan seres vivos, as herbas imitan mosaiços de pazo enmeigado, os fieitos antóxanse palmas de trunfo, e os bieiteiros abren as suas guías imitando raios por onde a terra esparexe nos aires os seus ulidos gasalleiros. O sol vai morrere n'un leito de nubes de grana e de lume.

Doña Silvia pensa nos seus vintatres anos, xa fei-

tos, un pouco valdeiros d'antusiasmos, por que a vida de Santiago dalle noxo. Anóxana aqueles cabaleiriños conceutistas, e falsos, e reditos na expresión de todo canto falan. Dos ollos d'ila din que son fontes de lume, orixen da do sol; dos seus beizos, portal da elocuencia, feito de rosas; das suas meixelas tinxidas de colorete, non saben falaren sinón dicindo que son amasadas con follas de frol de laranxa e de carabel. E acompañando á todas estas bousanadas accionan coma por maquia, co as suas mas enguantadas de cabritilla branca, tan axiña pousadas sobre os botós da roupilla de seda negra ou de terciopel brochado, coma enriba do pomo da espada—cuasque sempre inútil, pro con puño de moda—; e o todo con moitas e moitas reverencias estudéadas diante da sôma propria.

Moitas veces, nas festas, tenlle acontecido írense-lle os ollos atrás dalgús mozos da aldeia, rexos, ben prantados, envolveitos na sua zafiedade, pro animados, á pesar de todo, d'un certo aire de fortaleza lanzal que daba xenio. Por de contado que Doña Silvia avergónzase pra co ela mesma da debilidá de recriárese na vista de tal bañúa, xente porca e ruín, indina das suas olladas. Fillos de Deus si que o son, e á mais cristianos: pro as auciós villanas nas que s'empregan, os mesteres baixos aos que viven adicados, fainos indinos, non xa da sua ollada, nin xiquer do pensamento dunha dona prencipal como ela o é.

D'esta sorte Doña Silvia non atopa onde pousare as arelas do seu bulígueiro curazón. Co a concencia da sua prencipalidá cala e sepulta baixo do seu xustillo recamado as palpitacíós sin ouxeto que ás veces rebrílanile no peito. Somentes confía aos árbores da sua fraga estes ensofíos sin forma xusta, lumeosos e indecisos como a lus que baña ises carballos e que se peneira nesa crariña que se fai nela.

¿Seique as ponlas móvense? Si tal. Por antre os fustes adianta esbarando, con paso meigo e sin pensáre no chan, o Pastor do Nacemento feito carne, feito home, risoñío e lanzal. A sua linda testa olla pra Doña Silvia e rise coma un anxel. A sua pelica de lan rizosa crobe adur o seu corpo de mozo ben feito.

Doña Silvia dá un berro de susto. Un súpeto pensamento alomea o seu espírito. «Hoxe fina o mes, porque onte ten sido o San Miguele; hoxe címprense os corenta días da xitana saudadora; e vel-o hái ven o Pastor que chega pra xunto de min.» Doña Silvia, sin forzas, pecha os ollos un instantiño.

Cando os volvén á abrire, e mais ben abertos co ademiro, viu á Goros de pe, diante d'ela, amoroso e riseiro. Metendo á man no seo quitóu d'el duas peras que ll'ofezéu, dicíndolle:

—Sonlle as millores da pereira grande. Cómaas, Doña Silvia, que pra a sua Síñoría llas collín.

E dicindo e facendo, e póndollaras nas duas mas, apreixou con boa força aquelas duas manciñas fidalgueiras, coidadas, polidas con pastas d'ulido, entre as suas mas escorreitas e duras, inda que ben feitas mas de labrador. Doña Silvia arreparóu, acoizada e sin fala, a tremenda tronzadura do primeiro dos catro dedos xustos da man esquerda, e sintiu un estralo dentro do seu peito.

—¡Goros!—Doña Silvia quer decirlle algo, pro non atopa falas—¡Goros!

O rapaz tamén trema. Nunca pensára, que él fora capaz de tanto estrevemente como pra collere e apreixare as mas da sua dona e Síñora natural, Pro non está arrepintido, anque ll'houbera de custar morrere. Ceibounas, sin embargo, e soparándose con respeito, botou á andare, perdéndose no istante pola fraga embaixo.

Doña Silvia mirouno marchar, entre curiosa e sumisa. Comprendéu, súpeto, o misterio de sua vida. Ou de Goros, ou morta. Xeitoso meigallo. E pensando como se faría qu'ela poidera sere d'un vilán, vergoña superna, cavilón e tivo medo de que as duas cousas viñeran á seren unha mesma, porque todo era morte.

Toda trastornada e ardéndolle as fazulas, ardéndolle de vergonza, entrouse na casa. Quería estar sola. Meteuse no seu caban, e sin querer fóronelle os ollos para seu altare; quéreos pousar no seu enmeigado Pastoríño. Pero a estauta do Pastor desparecera. Non está no sitio. Buscóuna. Non a achóu Perguntou por ela. Ningún lle responde.

IV

Decrarazón de amore

Aquel apreixamento de mas que Goros lle dera, queimáballe as suas á Doña Silvia. Aquelo era unha afrenta.

— ¡Vilán! ¡Farto de allos! — Dixo en alta voz.

Pero aquel vilán, farto de allos é o seu dono. Sua ten de sere, ou de ninguén... A maldizón dos siñores pais—que xa espera por ela, morta de medo;—a miseria no vivire—se a desherdan, coma supón;—a deshonra para diante de toda a xente prêncipal de Santiago—que fuxiría d'ela coma dos lazarádos—haberían de seren os seus regalos de boda. ¡Tristeira boda a sua!

Pro Goros non é, por forza, un vilán coma os outros, os demais. Nacido en ruis pañás, amamantado

á peitos labercos, criado antre xente de menos, ten na sua persoas un meigallo particular que o dinifica. Por un lado Doña Silvia síntese deshonrada, afrentada, envilecida, inda que un apreixar de mas, cheio d'un indicibre meigallo, non sexa nada deshonroso, anque veña das d'un montuno. Pero por outro lado sintíase superior ás donas da sua cras sacrificándose, sí, sacrificándose á un amore que lle non podería traguerre outra causa que amarguecos. E cando lle daba voltas á este pensamento, sintía unhas ganas tolas de correre sen sabere aonde, e de berrare sen sabere o que.

Nada, sin embargo, tiña falado con Goros, sendo a principal persoas co a que tiña que falare o seu casamento. Por que Doña Silvia estaba tan certa de que había casar co, él, que nin siquera dicía «Si Deus quer». Miseria, deshonra, fame, nada d'esto todo, pra ela seguro, acupaba moito o seu pensamento. Estaba disposta ao sacrificio. A sola couxa que enche as portenzas da sua i-alma e a seguranza de casar co fil, e axiña, con renunciazón ausoluta de todol-os bés d'este mundo.

Foise pra o fondo da horta, Goros había de vire d'unha eira aonde estaba carrexando herba seca pra facere un palleiro. E non tendo pacencia pra agardare o seu paso, resolta, valente, botou á andar pol-o carreiro para se xuntar co él. Iña tan trubada, que o fidalgo curazón lle reloucaba dentro do peito. Pensaba si lle era dado á unha muller da sua condición facere o que ela facía... tropezou n'un croyo do carreiro estreito; calza zapatos finos, de tacón alteiro, torce un pe, rola pol-o arribón embaixo, bate n'un penedo e queda sin se podere mover do sitio.

Asustar, asustouse moito; pero falou n'ela o seu orgullo e non berrou. Agardaba pol-o seu Pastor,

por Goros, úneco que debía vela n-aquel atranco, e valerlle. Pasóu un pouco de tempo. Un anaco mais. O pe se lle insaba pol-o xogo do tobelo, e más doíalle con forza. Inda pasóu outro tempío mais. Non era ainda de noite, pero xa se non vía ben. Probóu áerguérese, pro non pudía. Sinteu pasos. Escóita. E él.

— ¡Goros!

— ¿E quen chama por min?

— Son eu, Goros; ¡acódemel!

O rapaz viña carregado c'un feixe d'herba. Guindouno no chan, orientouse e baixóu en duas zancadas astra o sitio aonde está derrubada Doña Silvia.

¡Miña Siñoral! ¡Ergase! — e coliéndoa pol-as duas mas, axudouna. Pero a doniña non puido terse; dofalle o pe insado e mais un cadril; desfalecia. O rapaz tivo conta d'ela cos seus brazos escorreitos.

— ¡Non me pudo erguere, Goros! — Salayou doña Silvia, un pouco escandalizada, de ulire con ledicia o arrecendo do rapaz, que ule a herba. Nunca na sua vida houbera pensado de estar no colo d'un mozo. Mareouse, e sin sere mais dona de sí, deixóu caire a sua testa no ombreiro d'il, rozando a cara de Goros co a sua.

Goros atendía sobre todo á quitala do sitio, e saliren ao carreiro. Pro, por eso, pareceulle que en toda a sua vida non tiña vivido, e que era n-aquel momento cando vivia, n'un solo pulo, todol-os vintecinco anos que ten. Comprendendo, por istinto, a grandeza d'aquel momento, falóu baixiño, con celme da i-alma:

— A miña vida no tormento da fogueira daría eu por tí, Doña Silvia.

A Doña Silvia esmorecida sóupolle á meles este dito, e apreixándose un pouco contra d'il, sintiuse

arroubada e feliz no medio das suas dôres, e respondeulle:

—A miña vida xa fai moito tempo que é tua. E polo d'hoxe non teño labor de mais presa que darlle gracias á Deus por terme feito caere por ese arribón embaixo.

Doña Silvia cavila, con certo acordo, que esta aventura pode ser presentada diante dos seus pais e diante das xentes todas coma xusto motivo de agradecemento para con Goros; este agradecemento pode ben sere o empezo xustificado d'unha aprouximazón entre eles. Botouse á rir cheia de ledicia.

—Tésme que levare pra casa no teu colo. —Pro asaltoulle unha dúvida — ¿Cansaraste?

Goros sintiu ese orgulo dos mozos escorreitos que poden erguer moitas arrobas.

—¿Cansáreme eu? Son capaz de levarte no meu colo deiquí á Santiago, para casárenos na Catedral...

Doña Silvia fixo un ceno de disgusto, porque eso de casárense é negocio cheio de dificultás, ainda pra casaren en segredo; e dixo:

—¡Casaremos eiquí, na Curiscada! —E outra vez tomouna a vergonza de se ver casada c'un seu caseiro. Pro este caseiro ten as fauciós todas do seu desaparecido Pastore —¡como non o tería notado antes!— e ollaba para ela c'unha ollada cheia de meigallo. Asoballada, sómentes pensa no amor que a leva no colo do seu dono polo carreiro adiante. E inda quer apretar mais a lazada que os xunta:

—O que fai falla é que nos teñamos sempre lei de bós amigos Eu, dempois do meu Deus, ti és á quen eu quero.

Pois d'aquela está todo dito. Por que en queréndome ti, o demás nada m'importa. Anque soupera de morrere mañán polo teu querere.

Chegan á casa. Rebumbio. Todos acorados. Goros

deixa a sua dona en brazos da nobre nai e mais das criadas todas que a deitan. Dempois volve xunto do rapaz, e perguntalle:

—¿Pro que foi?

—¡Eu non lle sei! Eu viña pol-o carreiro, c'un feixe d'herba seca. Escoitéi os seus laios, guindéi co feixe, e como Doña Silvia non se podía movere, carreguéi con Doña Silvia, e tróuxena.

Doña Inés ollou para a cara do rapaz e pareceu-lle tan radiosa, que maxinou que alí había algunha cousa mais, Corréu xunto da filla, xa deitada no seu leito, e perguntoulle da mesma sorte:

—¿Pro que foi?

—¡Eu non lle sei! Eu estaba no fondo da horta, botéi á andar pol-o carreiro, tropecéi n'un croyo, calzaba tacón alteiro, torcín este pe, roléi pol-o arribón en baixo, batín co este cadril contra un penedo, e quedeme sin me podere mover do sitio.

—E dempois?

—Sintín xente, pidín socorro. Era Goros. Quitou-me do sitio, e coma eu non podía andare, tróuxome no colo.

E sin podérese ter en térmos de discreción oportunamente deixou desbordárese do seu peito unha gabanza:

—¡Por esol! ¡Tenlle boa forza!

Doña Inés ollou para a cara da sua filla e pareceu-lle mais leda, ben mais leda do que pidía a desgraciada ocasión. Maxinou que alí había algunha cousa mais.

Virouse para o seu home, pra Don Lourenzo, que ollaba e calaba, e díxolle.

—Nosoutras ímoslle poñere unhas boas bismas nas mazaduras. Vos, Don Lourenzo, mandaredes un propio á Arzúa pra que traia o físico... Santiago está moi lonxe.

— ¡Seique, Doña Ines, o que ten á nosa filla será grave?

— O que ten no tobelo paresme que non. Unha torcedura; quince días ou tres somanas de quietude no leito. O do cadril non é mais que unha mazadura e pasaralle con panos de vinagre. Pro paréceme qu'inda lle hai algo que eu non vexo craro...

¿E logo? ¿Algo de culpa por parte d'algún?

— ¡Non lle sei, meu Siñor Don Lourenzo, non lle sei!

V

Rayola de sol

Cabaleiro n'unha parda mula, das boas de Galicia, que doux mozos tran collida pol-a rendaxe, e lendo no seu Breviario, pois quere botare a «Tertia» a mais a «Nona» antes de chegare á Curiscada, Don Ivan de Porras e Calo ven pasare a sua requies fanchoeiro coma un arzebispo, cos seus irmaus Don Lourenzo e mais Doña Inés.—Atrás d'il ven outra mula con outro mozo, portando os paramentos, as viandas, as vêstiduras e outras mais cousas.

Recibido como il merez e mail-o seu estado eclesiástico demanda, alóxase en duas salas do sobrado: alcoba e oratorio. Perside os xantares, guia o rosario, e paseia co a sobriña Doña Silvia, un pouco coxa ainda, pro cáxeque curada sen complicaciós, gracias á que o físico non veu, por non estare na Arzúa, de onde facia xa mais d'un ano que salira pra terras d'Ourens, ao sirvicio d'un conde.

Xa desqu'entró n-aquela fidalga casa compren-

deu Don Iván que non andaba normal todo nela. Doña Inés tiña un certo azoramento que non podía desimulare, atormentada pol-a sospeita de que Goros e mais Doña Silvia se entenderan; nada mais, por eso, que a sospeita, porque os dous namorados recatabanse moito pol-o mesmo que estaban sabidores do moi delicada que é a sua situación; e tam-pouco Doña Inés pasára mais adiante no seu cavilare, porque non cabéndolle nos miolos unha tan desigual xuntanza, culpabase á ela propia, de pasar-se de maliciosa e mal pensada. D. Lourenzo andaba duvidoso e tristeiro, sen él saber por que. Doña Silvia pasaba sin ponte da tristeza á lédicia, e tan axiña amostrabaselle gaia e rebuldeira, tan axiña tomada de medos tolos, como aquel que ten feito un crime e cavila poida serlle descoberto.

Como Don Iván quer moito á sua sobriña, porpúxose crarexalo todo, e abordóuna unha seranciña na fraga.

—Dime logo, Doña Silvia, que é o que vos presa n'esta casa. Porque á min parezme que toda a culpa é tua.

Este dito era unha puñalada (xa o dixerá Don Iván con todolos seus cinco sintidos) que firéu á Doña Silvia no medio do peito namorado. Botouse á chorar á fio; rompéuse a presa.

—Sí, señor tío, ten razón, razón sobexa. E queréndolle contar todo, ímonos para a casa e óiame en confesión, que quero confesárelle diante de Deus a mágoa toda que levo dentro.

—Déixate de confesiós, miña sobriña, que eu ben sei que ti non tes pecados. E mais eiqui, paseando por ante estes carballos, dime todo canto pase.

Animada por estas falas, e acaloumiñada pol-a gabanza n-elas—delicadamente—envolveita. Doña Silvia valdeirou o seu curazón de todo canto dentro

d'él tiña. Fidalgueira e honesta, como lle cumpria, amostrouse disposta á morrere si co a sua vida tiña que pagare aquel amor.

Don Iván refresionaba. Por fin dixo:

—Ti, Doña Silvia, ¿estás ben certa de que queres á ese mozo?

—¿E por qué mo pregunta? —falou a doniña toda bermella.

—Pergúntocho por que faime falla sabelo pra resolvere. Poida dar que non haxa en todo esto mais que un acaloramento da imaxinación. E n-este caso o remedio sería ben sinxelo: mañán dariámol-a volta ti e mais eu para a miña casa de Santiago.

Doña Silvia tiña a resposta ben pronta; pro comprendendo a seriedade d'aquel istante, contestou con solene sosego:

—Siñor tío! Si fora un meu capricho non lle téria pêdido que me confesára diante Deus. Eu querolle á Goros mais que á miña vida; e mais estou disposta á perdela por él agora mesmo, anque fora nun tormento, se houbera necesidá. E que o Noso Señor me dea o seu perdón si digo unha herexia que se non poida decir.

—Estáche moi ben, logo. D'aquela, a primeira cousa que vou facer, é casárevos...

Doña Silvia quedouse sin saber que cara lle pôr. Temor, ledicia, os mais opostos sentimentos facian batalla no seu peito.

—Sí—sigueu Don Iván—si quere o mozo. Chamemos por él.

Fixérono comparecer, e ali mesmo, en craras e curtas razóns, Don Iván contoulle caxque todo o que acababa de falar con Doña Silvia (algo calou, por eso) e arrematou dicindolle:

—Eu tomo ao meu cárrego a empresa nada fácil de cosegurire o consentimento dos Siñores pais de

Doña Silvia, irmans meus. Pero perciso saber se
conto co teu consentemento.

Goros ollou pra Doña Silvia como pidiéndolle li-
cencia para il falare. Axionllóuse e dixo:

—Eu, Síñor Don Iván, non lle son ninguién. Elle
Doña Silvia a que manda na miña vida. Eu somen-
tss direi pol-a miña conta que si ma dan reciboa, e
non pol-a alcuña, por que houbéranma de dar probe
como a arañas, e recibiríaa da mesma manéira, coma
un don de Deus.

E baixándose á modo, cara á Doña Silvia, colleu-
lle a aba da basquiña e bicouna como si fora a
d'unha Santa.

Don Iván entremeteuse:

—Erte, Goros —dixo.—Eu vou vere si vos caso e
si consigo que a bendición dos meus irmás vaia por
diante da miña.—E facendo ademán de erguere Go-
ros, deulle á bicar a man.

E liscouse. Iña pra casa, á ver si podía, resolulta-
mente, poñer por obra a sua difícil encomenda. Era
unha boda desigual, desigualiña de vez, e os amos e
Siñores da Curiscada tiñanse que abaixar moito pra
emparentaren co seu caseiro.

Os dous mozos botaron á andare pol-a fraga
adiante. e ben axiña atopáronse naquela crariña
aonde certo día aparecéruselle á Doña Silvia o Pastor
tal e como era na dende entón desparexida estáuta.

Doña Silvia comprácese no recordo que lle ven á
memoria, e pensa, toda confusa, en como a apari-
ción —que por tal a ten tido sempre— acabou toman-
do a forma e a fala de seu Goros, déixándoa dubi-
dosa e incente astra tal punto, que inda hoxe non
está certa de si en todo esto ten habido algo de enso-
ño, ou si todo ten sido real e verdadeiro. Goros non
ten duda, leva dentro unha virtú desconecida. Eu

Goros, por forza, hai un segredo, e Doña Silvia aproveita a ocasión para perguntarollo.

—¡Ou Goros! —dille. Pero no momento que pon os ollos n'il, quedase parva. Goros sin deixar de ser Goros, ten toda a cara e cs modales, e o atractivo do Pastor, que olla pra ela con ollos que a envolven no seu punxente meigallo.

—Goros, ¿quen eres tú? Por que en tí hai un misterio que eu dera por sabelo media vida. Dime quen tú és.

Goros ollaba para ela con amore infinito, e faloulle con esa seriedá doce e cheia de repouso interior con que falan os santos cando andan ainda polo mundo.

—¿Quén son eu? Non teñas medo de ir casares c'un pantasma. Eu son Goros Vázquez, o fillo do teu caseiro, que según as disposiciós dos homes non é merescente de sere o teu marido. Pero Deus dispón as cousas d'outro xeito, inda que a os homes lles pareza raro. E mais. eiquí tel-o misterio, que non é outro sinón que os homes coidan que gobernan to-dal-as cousas d'este mundo, e dempois salimos con que as goberna Deus.

—¡Goros! Eu non te entendo mais que a medias, pero figúraseme que tés razón.

—Eu teño razón, e tí tes fé no meu amore, e mais esa fé farache feliz.

—¡Ou Goros! Nunca te teño ouvido eses falares.

—Porque como me tiñas en menosprecio, nin ollabas para mí, nin te dinabas escoitarme. Pero agora conócesme...

—Mais ainda que conocerte, adivínate...

—¿E quéresme?

—Quererte, sí. Quérote por que supoño en tí calidás que non pensara.

—Abonda ben. Dame as mas.

Doña Silvia deullas. Goros estreitounas entre as

suas con algo de forza, como aquela vez. Doña Silvia sintiu que un río de lume corría polos seus brazos arriba, e metíasele no peito, e ardíalle no curazón. Quixo pidir piedade ao seu amante, pra que a non fixera morrere abrasada n'aquel lume...

Pero estaba sola. o seu tio, que volvia da casa na compañía de Don Lourenzo a mais de Doña Inés, chamaba por ela á berros.

—¡Doña Silvia, Doña Silvia! ¡Ven!

Doña Silvia, acesa, tremendo coa emocion, busca en vano cos ollos ao seu amante. Pero na crara da fraga non hai, ningúén sinon ela.

Ela é mais un raio de sol dourado que a envolve en luz.

V I

Novas derradeiras

A nova de que Doña Silvia de Porras e Oxea, casára c'un probe laberco que lle chaman Goros Vazquez e Gaitán. natural de Curiscada, foiche motivo de moitos comentarios das língoas marmuladoras.

Pro eles foron felices, viviron moitos anos, e tiveron tres fillos, Un d'eles foi Oidor da Audencia de Galicia: Outro chegou á xeneral na guerra de Francia, e mais nas bandeiras gloriosas do Siñor Infante Cardeal. E mail-o terceiro, coengo dinidá Mestrescola na Catedral de Santiago: Por certo que na información de limpeza de sangue d'este derradeiro. faise aparatoso mención da parentela materna, nomes, apellidos, títulos, cargos, interín tanto que da paterna dise solasmentres.

«O seu pai foi Goros Vazquez, natural da parro-

quia de San Vicente de Burres, neste Arcebispado; fillo lexítmico de Froitoso Vazquez, natural e labrador da dita parroquia, a mais de Antona Gaitán. a sua muller, nacida na parroquia de Pantiñobre.»

Aurelio Ribalta.

Chouzas da Serra (Guadarrama) a víspera de San Miguel no ano de 1924.

*Enrique Núñez
La Coruña*

Prohibida a tradución sin permiso do autor.

GRAN CHAMPAÑA "GALICIA"

Único que compite ventaxosamente
co-as mellores marcas estranxeiras

AGUAS MINERO — MEDICINALES,
BICARBONATADO - SÓDICAS

DE

MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO

LAS MAS ALCALINAS DE ESPAÑA

Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Viños Gallegos Selectos

Bodegas "Vinícola gallega"

DE

Bautista López Valeiras

VIGO

